

# 34



**FERROL** **ANÁLISIS**  
revista de pensamiento y cultura

**EDITA:**  
Deputación da Coruña

**Club de Prensa de Ferrol**  
*info@clubdeprensadeferrol.com*

**MAQUETACIÓN**  
Proxectos Gráficos Aldine Ferrol  
aldine.es | info@aldine.es

**IMPRIME:**  
Imprenta Provincial da Deputación da Coruña

Depósito Legal: C-1873-03  
ISSN: 1576-4540

O CONSELLO DE REDACCIÓN NON SE IDENTIFICA  
NECESARIAMENTE CO ESPÍRITO DOS TRABALLOS  
QUE CONTÉN ESTA PUBLICACIÓN E DEIXA  
LIBERDADE AOS AUTORES PARA QUE ELIXAN  
O IDIOMA VEHICULAR. OS CONTIDOS DESTA  
PUBLICACIÓN PÓDENSE REPRODUCIR LIBREMENTE  
CITANDO A SÚA AUTORÍA E PROCEDENCIA:  
«FERROL ANÁLISIS. CLUB DE PRENSA DE FERROL».

34

**FerrolAnálisis**  
revista de pensamento y cultura

Edita:



**Deputación  
DA CORUÑA**



Cuberta: Escultura de Xoan Braxe en bronce sobre pedestal  
de granito conmemorativa do 10 de marzo en Ferrol, no  
lugar onde ocorreron os feitos.  
Fonte: [www.wikimedia.org](http://www.wikimedia.org)

Contracuberta: María José Leira Ambrós, Serie Homes  
únicos. *Únicos homes feitos para mecer o corazón.*  
Tintas sobre papel Matt Fine Art





María José Leira Ambrós, *Sen título*. Técnica mixta sobre papel

**PRESIDENTE DE HONRA DO  
CLUB DE PRENSA DE FERROL**  
Germán Castro Tomé

**PRESIDENTA DO CLUB DE PRENSA DE FERROL**  
Julia Díaz Sixto

**DIRECTORA DA PUBLICACIÓN**  
Esperanza Piñeiro de San Miguel

**CONSELLO DE REDACCIÓN**

Julia Díaz Sixto  
Carmen Fernández Casanova  
Asunción López Arranz  
Juan Luis Montero Fenollós  
Rafael Ángel Permuy López  
Esperanza Piñeiro de San Miguel  
Alejandro Rey López  
Ángeles Seoane Fernández





María José Leira Ambrós, *A cotío*. Acrílico sobre lienzo

# Sumario

Julia Díaz Sixto <i>O latexo ferrolán da nosa Revista</i> ..... 7	Guillermo Llorca Freire <i>A prensa obreira e a publicación clandestina «10 de marzo»</i> ..... 129	<b>MULLERES</b>
Esperanza Piñeiro de San Miguel <i>Luces de Ferrol</i> ..... 9	José Gómez Alén <i>Bazán y Ferrol 1972. El escenario, los nombres y los hechos</i> ..... 143	Víctor Alonso Troncoso <i>Irrequietas</i> ..... 257
<b>JULIA UCEDA</b>	<b>PATRIMONIO: ARTES</b>	Ana Romero Masiá <i>A influencia de Concepción Arenal no pensamento e nas actuacións da mestra e pedagoga María Barbeito</i> ..... 261
<i>Ferrol otorga a Julia Uceda la Medalla de Plata al Mérito Cultural</i> . 11	Alia Vázquez Martínez <i>Musealización da arte rupestre ao aire libre: o petróglifo de Chamorro (Ferrol) como caso de estudo</i> ..... 153	Eila Rodríguez Filgueiras <i>Sofía Casanova. De Coruña á Europa do leste: a sensibilidade dunha das primeiras xornalistas galegas</i> ..... 269
Julia Uceda <i>Recuerdo perfectamente esos días... Cerrada de mujeres</i> ..... 13	Ana Isabel Bello Platas <i>El Quartel de Nuestra Señora de los Dolores del Tercio del Norte de Infantería de Marina. Breve historia, algunos elementos arquitectónicos y bibliografía para el siglo XIX</i> ..... 165	Arancha Estévez <i>María Casares, a grande actriz galega da Europa do século vinte. Centenario 1922-2022</i> ..... 275
<b>FERROLTERRA HISTORIA</b>	Alfredo Vigo Trasancos <i>Ferrol y la mirada del artista. La ciudad que asoma tras el gran arsenal de marina (1846-1888)</i> ..... 175	María Asunción López Arranz e María Del Pilar Millor Arias <i>Ayer y hoy de la mujer en la Inspección de Trabajo en España</i> .... 279
Fernando Dopico Blanco <i>A alcabala do viño en Ferrol a finais da Idade Media</i> ..... 15	Asunción López Arranz <i>Los orígenes del cine en España y su relación con la construcción naval en Ferrol</i> ..... 191	<b>ECONOMÍA</b>
Jaime Antón Viscasillas <i>Emilio Antón e Iboleón, alcalde constitucional de Ferrol</i> ..... 25	Vicente Araguas <i>Roteiro literario de Neda</i> ..... 199	Margarita Orduna Vela <i>Ferrol, solución o quimera</i> ..... 289
Esperanza Piñeiro de San Miguel <i>Del ardor guerrero al antibelicismo. Ferrol y las guerras de África</i> ..... 37	<b>PINTORA INVITADA</b>	Fernando Carlos Ruiz Lamas <i>La economía de Ferrolterra vista a través de sus empresas</i> ..... 301
Margarita Sánchez Yáñez <i>Reglamento do Comité do Centro Obreiro de Ferrol. Regulamento da Federación de Sociedades Obreiras de Ferrol. Contextualización e comentarios</i> .... 51	José Manuel García Iglesias <i>María José Leira Ambrós, sobre todo pintora</i> ..... 211	<b>COMUNICACIÓN</b>
Amable Dopico <i>Arteaga, 50 años</i> ..... 63	Tareixa Taboada <i>La tentación de Eva</i> ..... 215	Carlos Hernández de Miguel <i>Las guerras de Ucrania, Palestina o Yemen demuestran que sigue siendo imprescindible pedir justicia por el asesinato de Couso</i> ..... 309
Raúl Villa Caro <i>Botadura del petrolero Arteaga. 50 años de un hito insuperable</i> ..... 69	Eduardo Fra Molinero <i>Ciencia e pintura en María Xosé Leira Ambrós</i> ..... 221	Jesús Vivanco <i>Titularidad cicatera del último parte de guerra</i> ..... 317
Jesús Manuel García Díaz <i>La depuración del magisterio en la comarca de Ferrol</i> ..... 81	<b>GALICIA</b>	Argemino Barro <i>Mariúpol, antes del infierno</i> ..... 323
Pitusa Arias, lembranza <i>da súa presenza</i> ..... 87	Unha amizade con Ferrol <i>ao fondo. Correspondencia entre Carvalho Calero e Tomás Barros (1947-1983)</i> ..... 229	Enrique Santos Gayoso <i>Hemingway, laberinto vital</i> ..... 331
Xosé Manuel Sarille Fernández <i>Pitusa Arias, ao servizo da nosa xente</i> ..... 89	Miguel Carlos Vidal <i>El poeta Tomás Barros (Brevísimo apunte)</i> ..... 231	Érika Reija <i>Na guerra da desinformación, fagamos que gañe a verdade</i> ..... 341
Henrique Dacosta <i>En lembranza de Pitusa Arias e da súa novela «María Casares. Eu son do océano»</i> ..... 91	Henrique Dacosta <i>Florencio Delgado Gurriarán. Home de acción e nación</i> ..... 237	Marta Corral, Patricia Hermida e Lorena Bustabad <i>A profesión ou a vida</i> ..... 343
Pitusa Arias Rei <i>Asociacionismo no Concello de Fene</i> ..... 93	Emilio Xosé Ínsua <i>Referencias ferrolás no boletín «Nós»</i> ..... 245	<b>CURRÍCULA</b> ..... 349
<b>DEZ DE MARZO DE 1972</b>		<b>Normas de publicación</b> ..... 357
Rosa Cal Martínez <i>Los sucesos del 10 de marzo de Ferrol en la prensa internacional</i> ..... 105		<b>Obras de María José Leira Ambrós no presente número</b> ..... 2, 4, 6, 8, 14, 104, 152, 210, 212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, 220, 222, 226, 256, 288, 348, 356
Anxo Ferreiro Currás <i>Os curas nos sucesos de Ferrol 1972</i> ..... 119		

*a modo de limiar*



María José Leira Ambrós, *Home que non sabe se vive ou soña*. Acrílico sobre lienzo



# O LATEXO FERROLÁN DA NOSA REVISTA

7

**V**elaquí unha nova entrega de *Ferrol Análisis*. Con ela acadamos o número 34 das publicacións que con tanta ilusión emprendemos desde o Club de Prensa de Ferrol no ano 1990 cuns obxectivos ben explícitos desde o primeiro número. Dar continuidade á tradición de publicacións ferrolás, pluralidade e liberdade de expresión e pensamento crítico nunha revista artellada nun contexto sen fronteiras, no que cabe a reflexión metódica e ponderada desde o local ao universal. Principios que por outra banda constitúen a cerna da sociedade ferrolá. Unha sociedade profundamente plural de pensamento e imbricada desde séculos atrás coas xentes que desde diversos lugares e condicións viñeron ás terras ferrolás para traballar nos distintos oficios que se precisaban nos arsenais, ou en calidade de tripulacións dos variados barcos civís e naves da armada española, que lle conferiron unha especial capacidade para coñecer as diferentes culturas e costumes de numerosos países do mundo.

E así continuamos. Fieis ao noso ser, a temática ferrolá constitúe o eixo no que se vertebran os contidos deste número, que desde a primeira páxina conxuga a expresión artística e luminosa de M<sup>a</sup> José Leira coa sensibilidade poética de Julia Uceda, Filla Adoptiva de Ferrol, condecorada cos máis importantes premios das letras españolas, e Medalla de Prata ao Mérito Cultural da cidade.

O acontecer do presente tecendo a crónica dos días, simbolizado na pequena imaxe da portada, estanos a suxerir a icona na que se asenta a historia da nosa cidade no último terzo do século XX. O Monumento ao 10 de Marzo de 1972, obra de Xoán Xosé Braxe, parécenos a máis acaída testemuña dunha historia que encheu de memoria todos e cada un dos meses do pasado ano 2022, conmemorando o 50º Aniversario dos Sucesos de Marzo de 1972 en Ferrol. Desde a dimensión daqueles feitos na prensa internacional, até o coñecemento das publicacións clandestinas no 10 de marzo do 72, pasando polo comportamento dos cregos da comarca, comprometidos na defensa dos máis elementais

dereitos, e unha análise historiográfica da conformación dunha sociedade que desde diferentes sensibilidades participou activamente naqueles sucesos, súmanse, grazas á colaboración de prestixiosos autores e autoras, á abondosa información publicada destes feitos históricos.

Tamén, sen esquecer a nosa vocación aberta ao universal, o latexo ferrolán percíbese nos contidos deste número ao longo de todas as páxinas, como podemos observar nun percorrido pousado e atento polos diversos artigos que compoñen as súas seccións, e que a converten na máis extensa das publicadas até agora.

Son os froitos dun empeño colectivo que emprendemos, desde o Club de Prensa de Ferrol, hai pouco máis de trinta anos. Todo un soño editorial ao que foron sumándose autores e autoras, referentes nas súas especialidades, colaboradores gráficos e documentais, lectores e seguidores de *Ferrol Análisis*, que se foron convertendo nos principais valedores da publicación ferrolá. Unha publicación que hoxe por hoxe está a figurar nos andeis de numerosas bibliotecas do país, para servir de fonte de reflexión e coñecemento dos nosos acontecementos na historia e na actualidade. Uns merecementos que son posibles grazas á significativa aportación dun Consello de Redacción profundamente implicado na edición de cada número da nosa revista, que con tanta sabedoría e experiencia dirixe a historiadora Esperanza Piñeiro de San Miguel.

Por todo o devandito, desde o Club de Prensa de Ferrol, reiteramos o noso agradecemento a todas as persoas que participaron co seu esforzo e traballo nesta edición de *Ferrol Análisis*. Agradecemento que, non podía ser doutra maneira, estendemos ás institucións que xenerosamente a fan posible como á Deputación Provincial da Coruña, e o Concello de Ferrol. Grazas

Julia Díaz Sixto  
Presidenta do Club de Prensa de Ferrol



María José Leira Ambrós, *Nocturno 1*. Acrílico sobre lienzo

# LUCES DE FERROL

**A** luminosidade da cidade e a súa contorna venlle dada pola cultura que atesoura desde hai séculos. A riqueza patrimonial e monumental, a brillante historia, as tradicións e sabedoría popular, os persoeiros e a diversidade de asociacións que alumean actividades artísticas, literarias, musicais, científicas... son farois de cultura que iluminan as mentes e os corazóns. Son lanternas na senda do futuro e as súas potencialidades. Son candís cara á consecución de Ferrol como Patrimonio da Humanidade.

A urbe medrou coa clarexa da razón e da Ilustración no século XVIII; na seguinte centuria, sobre todo na época de bonanza da segunda metade, o seu fulgor dourado por ser pioneira en ciencias, técnicas e humanidades sorprendeu a Galicia; e ata a actualidade, pese a crises económicas cíclicas e momentos de claroscuros e de sombras, tratou de avanzar cara á modernidade sempre coa refulxencia do esforzo e a solidariedade.

*Ferrol Análisis*, a revista do Club de Prensa de Ferrol que chega xa ao número 34, pretende ser coma un vagalume de tenue pero constante luz para contribuír a poñer en valor e difundir o pasado, así como reflexionar e debater sobre o presente e o futuro de Ferrolterra.

O Consello de Redacción está formado por periodistas, Julia Díaz e Rafael Permy; profesorado da universidade, Carmen Fernández Casanova, Asunción López Arranz e Juan Luis Montero Fenollós; e profesorado de ensino secundario, Alejandro Rey, Ángeles Seoane e máis eu. E agradecemos o traballo de calidade e desinteresado dos colaboradores, o oportuno das temáticas e o rigor das súas investigacións en artigos, luceciñas que parpadean ao pasar as páxinas de *Ferrol Análisis*.

Como sempre, a revista está estruturada en seccións, con diversas miradas sobre aspectos da historia de Ferrolterra, as artes, a comunicación, Galicia... Entre outros temas, por exemplo lembramos dous fitos no seu cincuentenario, cando Ferrol foi unha estrela de luminosidade intensa irradiada polo mundo: a botadura do buque Arteaga de tecnoloxía punteira, e os sucesos de marzo de 1972 coas reivindicacións para acadar unha sociedade máis xusta e resplandecente. E, un ano máis, un artista plástico ilumina os comezos de cada sección da revista. Nesta ocasión son as ilustracións da ferrolá M<sup>a</sup>. José Leira, creacións feitas a corazón aberto, repletas de emoción e mestría.

Se hai unha década parecía que as publicacións en papel ían camiño da extinción ante o auxe dixital, o e-book e as terminais de última xeración, agora vemos que ambos soportes conviven, e que a venda do libro tradicional aumenta. Nós seguimos apostando pola edición da revista en papel, aínda que dispostos a facilitar artigos en PDF a quen o demande.

Tal vez polo seu brillo, o imaxinario popular fabulou que o nome de Ferrol procedía de farol, ou faro que alumeaba aos barcos cara ao porto. O que é seguro é que desde sempre as luces de Ferrol se reflicten formando un ceo estrelecido, porque é unha cidade xeradora de cultura, un pobo de mar, traballador, cantareiro e alegre. E a Ferrol aplicamos a frase de Mahatma Ghandi:

Se no teu interior hai luz e deixas abertas as ventás da túa alma por medio da alegría, todos os que pasan pola rúa en escuridade serán iluminados pola túa luz.

Esperanza Piñeiro de San Miguel  
Directora de Ferrol Análisis